



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso González, Ángel
Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Araújo Fernández, María
Báez Montero, Inmaculada
Balado Barciela, Adrián
Baltrusch, Burghard
Blanco Sierra, Javier
Blas Varela, M^a Esther de
Bouza Rodríguez, J. Benito
Bueno Alonso, Jorge L.
Cancho Grande, Beatriz
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Benavides, José Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Couto Cancela, Daniel
Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Dafonte Gómez, Alberto
Diéguez Quintas, José Luis
Dominguez Blanco, Santiago
Dominguez Domínguez, Rubén
Expósito González, Benedicta
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferro Soto, Carlos Antonio
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gándara Pérez, José Antonio
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Godoy Malvar, Eduardo
González Álvarez, Dolores
González Boubeta, Iván
González González, Alfredo
González Santamaría, Pedro
González Varela, Luis
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Llamas Nistal, Martín
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Macías Cambra, Henrique
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Martínez Piñeiro, Manuel
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Alvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Morán Martínez, M^a Paloma
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Oca Cancela, Guillermo de
Ovejero Campos, Aida
Pardo Froján, Juan E.
Paz López, José
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **17 de decembro de dous mil dezanove**, convocada para as 12.00 h en primeira convocatoria e ás 12.30h en segunda, no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero, Campus Universitario - Vigo.

Acadado o quórum necesario ás 12:32 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de outubro de 2019.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 30.b dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Cambio de denominación, se procede, da Facultade de Educación de Ourense.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento de Inspección da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, do Regulamento da Valedora Universitaria da Universidade de Vigo.
6. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2020.
7. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 1 vacante.
8. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).
9. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: sector estudantes, 2 vacantes.
10. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: sector estudantes, 5 vacantes.
11. Quenda de intervencións.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rubio Armesto, M^a Belén
Santalla del Río, M^a Verónica
Sieiro Vázquez, Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Sueiro Justel, Joaquín
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel
Velasco Graña, M^a Rita
Vera Isasa, María
Vidal Vázquez, Ricardo
Vila Alonso, M^a de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Area Carracedo, Iván Carlos
Ares Ferreirós, Martina
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Barro Guizán, Óscar
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Castro Cerceda, M^a Luisa
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Casaleiro, Tomás
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Domínguez Araújo, Lara
Fernández Arias, Mónica
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Rey, Aser Ángel
Ferreiro Vázquez, Óscar
Fornoso Vázquez, David Elisardo
Fraiz Brea, José Antonio
Gallardo Medina, Mercedes
Gómez Fariñas, Beatriz
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Álvarez, Dolores
González López, Raquel
Hernández Sánchez, Jesús
Isorna Folgar, Manuel
López Lago, Marcos
López Periago, José Eugenio
López Rubianes, Lucrecia M^a
Patiño Vilas, David
Pérez Álvarez, María José
Rivas Ferreiro, Mauro
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Vaquero García, Alberto

O reitor informa que o proceso electoral pode comezar desde o inicio da sesión do Claustro, de modo que os claustrais poidan proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión.

Cada claustral deberá depositar o seu voto na urna correspondente ao seu sector e deberá acreditar a súa identidade coa tarxeta universitaria, DNI, ou calquera outro documento acreditativo da mesma.

Informa que cando se chegue ao punto relativo ás eleccións de membros de C.G. polo sector decanos/as e directores/as daranse 15 minutos para que os membros da mesa e os claustrais que non votaran o poidan facer.

Poden votar todas e todos os claustrais.

O sorteo da letra da como resultado a O.

O reitor comenta que hai unha petición de retirada do punto catro da orde do día e propón que o documento presentado sexa estudado por unha comisión e que poderá pasar pola mesa de PDI. O mesmo conta co informe positivo da Asesoría Xurídica e foi elaborado sobre a base de regulamentos xa existentes no eido comparado (como os modelos presentes na Universidade de Burgos, de Alcalá, de Sevilla, de Granada, UNED, Málaga, Autónoma de Madrid, etc..) así como considerando as recomendacións do último informe da CRUE, xa que esta figura conta cunha sectorial específica dentro da máis xenérica de CRUE-Secretarías Xerais.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de outubro de 2019.

O reitor informa que non se recibiron alegacións a acta, polo que se entende aprobada por asentimento.

2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 30.b dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Datos de novo ingreso no curso 2019-20: o número de prazas de grao ofertadas foi de 3479. Cubríronse 3685. O Campus con maior porcentaxe de ocupación é o de Pontevedra. Expón as porcentaxes nos títulos de mestrado, doutoramento e do programa de maiores. Remata cun panorama global.
- Fai un balance das prazas de profesorado, sobre a elaboración do primeiro POD con 280 horas de dedicación máxima, así como da oferta de promoción e estabilización de investigadores e do plan de promoción do profesorado.
- En canto ás titulacións, fala do mantemento das 4 titulacións inicialmente cuestionadas pola Xunta de Galicia e do acordo dentro do SUG promovido pola Uvigo, das titulacións obtidas no marco do mesmo (o Grao dual no ámbito da Automoción e o Grao en Relacións Internacionais), da posibilidade dun PCEO en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática e Enxeñaría Mecánica, así como das dificultades na posta en marcha do Grao en Deseño e Creación.

- Asemade, comenta as convocatorias de persoal investigador, así como os proxectos logrados en convocatorias competitivas, que tiveron bastante éxito.
- En transferencia, xestionáronse 10 solicitudes de patentes, asináronse 9 contratos de licenza, 14 acordos de transferencia de material, 5 encontros Universidade-empresa, entre outras actividades de I+D.
- En igualdade, asinouuse unha cátedra de feminismo coa Deputación de Pontevedra, hai unha liña de axudas no marco do Pacto de Estado, puxéronse en marcha as salas de lactación e unha medida de acción positiva na avaliación da produción científica.
- Informa tamén sobre a implantación da universidade privada e a reunión do Consello Galego de Universidades do pasado 9 de decembro, onde foi avalado o anteproxecto contra o voto negativo dos tres reitores das Universidades do SUG. O noso reitor puxo o acento no cumprimento estrito da legalidade e a non duplicidade de titulacións, así como na falla de información por parte da iniciativa. Votaron a favor os tres presidentes dos Consellos Sociais. Da lectura ás titulacións de grao incluídas no proxecto.

Interveñen Juan Pardo, Luis González, Pedro Carro e Emilio Fernández. Juan Pardo pregunta sobre as novas titulacións acadadas relativas ao ámbito da enxeñaría industrial. Pregunta quen tomou as decisións en torno a petición destes graos e por que non se consultou á Escola da Enxeñaría Industrial, se o problema era a competencia co grao concedido en robótica ao Campus de Lugo. Pensa que o equipo de goberno non actuou de xeito elegante. Segundo a súa opinión tampouco se constata o apoio do sector industrial. Pide que se consulte ao seu centro, para acadar unha estratexia global. O reitor explica as negociacións ao máximo nivel que se levaron entre o reitor e o presidente da Xunta e cre que a titulación encaixa ben na Escola de Enxeñaría Industrial, aínda que se están a negociar diferentes aspectos da súa implantación, incluído o nome final.

Luis González fala en relación coa universidade privada e reclama maior agresividade por parte das Universidades do SUG, dado o voto en contra dos presidentes do Consello Social. Opina que non é posible retirar o punto da orde do día sen votalo. O reitor entende que non se pode pedir a dimisión do presidente do Consello Social, xa que o nomea o presidente da Xunta.

Pedro Carro, solicita un estudo dos métodos de divulgación das iniciativas da Universidade. Felicita polos horarios de apertura da biblioteca, pero pregunta polos niveis de radón na biblioteca de Ourense. Quéixase de certos incumprimentos das contratas realizadas pola Universidade e pregunta polas responsabilidades, en concreto, servizos de cafetería, máquinas expendedoras, fotocopiadora, etc... Tamén indica que non está de acordo cos servizos de transporte, a impermeabilización das marquesiñas, etc... Tamén comenta os gastos en edificacións, a ausencia de caixeiros, os problemas de mobilidade reducida, agravados coa chuvia e pregunta se existe un plan para acabar coas barreiras arquitectónicas. Expón problemas de transparencia nas comisións, nas regulacións, etc... O reitor resposta a algunha das cuestións, pero pide que se achegue o escrito. (ANEXO I)

Emilio Fernández fala da universidade privada, en contra da mesma, felicitando ao reitor e aos reitores do SUG pola súa postura e censura a actuación do presidente do Consello Social. Ofrece ao reitor a posibilidade de traer un punto específico ao Claustro sobre este asunto. O reitor agradece a intervención de Emilio Fernández pronunciándose no mesmo sentido, e pensa que se poderá tratar como punto específico na orde do día.

3. Cambio de denominación, se procede, da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

O secretario xeral informa de que este acordo foi adoptado pola Facultade de Ciencias de Educación de Ourense, por petición expresa do alumnado de Traballo Social, de xeito que se incorpore o seu título ao nome da titulación. É o inicio do proceso, que continuará no Consello de Goberno e no Consello Social, e finalizará na Xunta.

Asiste o secretario da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, o profesor Francisco Javier Aguiar Fernández, coordinador do Grao de Traballo Social, polo que o secretario xeral lle da a palabra para que expoña a postura da Facultade. Indica que foi adoptado por unanimidade e que conta co apoio do colexio de traballadores sociais de Galicia. Comenta brevemente o panorama nacional ao respecto.

Apróbase por asentimento o cambio de denominación a Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social.

4. Aprobación, se procede, do Regulamento de Inspección da Universidade de Vigo.

O reitor sinala que foron recibidas peticións por parte dos sindicatos para a retirada do documento presentado. O reitor adianta que non ten inconveniente algún en postergar a aprobación deste regulamento, á espera de que unha comisión creada ao efecto dentro do Claustro poida estudar máis polo miúdo este texto. No seguinte Claustro traerase a creación da Comisión.

Decae o punto.

5. Aprobación, se procede, do Regulamento da Valedora Universitaria da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen sinala que a Valedora Universitaria lamenta non poder estar presente na votación do regulamento, debido a compromisos profesionais adquiridos con anterioridade a que fora fixada a data do Claustro, pero desexa manifestar que está completamente de acordo co texto presentado.

Emilio Fernández, Benedicta Expósito e Xosé Gándara fan achegas sobre o texto. Alberto Dafonte pregunta sobre a relación coa Unidade de Xestión de Conflitos e o reitor comenta que esta Unidade asumirá os conflitos inter pares.

Acórdase abrir un período de recepción de achegas sobre o proxecto do regulamento.

6. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2020.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, que emprega unha presentación de power point para dar a coñecer a información principal das liñas orzamentarias para o ano 2020. O vicerreitor amosa a evolución da posición financeira da Universidade de Vigo. Fala do mantemento do equilibrio orzamentario desde 2012, a incentivación da captación de recursos, etc. Continúa falando do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 e amosa a súa evolución. En relación co capítulo de ingresos estímase uns ingresos cun 6.82% de crecemento respecto do ano pasado, debido a diferentes factores. Presenta un resumo por capítulos dos ingresos orzamentarios diferenciando entre ingresos afectados e non afectados, de cara a aprobación do teito de gasto no próximo Consello de Goberno e no Consello Social. Presenta asemade o orzamento de gastos detallado por capítulos e por tipoloxía.

Federico Fernández pregunta se hai reserva de partidas destinadas ao colectivo do PAS. O reitor destaca a aposta pola funcionarización dos traballadores e que estamos a intentar cumprir as promesas que aínda están pendentes. As negociacións futuras parecen esperanzadoras. Federico Fernández insiste na necesidade de que se reflectan nos orzamentos. O vicerreitor de Economía indica que cabe a posibilidade de dotar eses fondos no ano orzamentario.

Apróbanse por asentimento.

7. Elección de membros do C.G. polo sector decanos/as e directores/as: 1 vacante.

O reitor sinala que se presentaron dúas candidaturas:

- A decana da Facultade de Fisioterapia, Eva María Lantarón Caeiro.
- A directora do Departamento de Lingua Española, Inmaculada C. Báez Montero.

Dado que se presentaron mais candidaturas que postos é preciso celebrar eleccións.

Procédese á votación, sendo o resultado da mesma o seguinte:

Votos a favor de Eva María Lantarón Caeiro: 25

Votos a favor de Inmaculada C. Báez Montero: 12

Votos en branco: 17

Votos nulos: 1

Queda proclamada Eva María Lantarón Caeiro.

8. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).

O reitor indica que non é preciso celebrar eleccións xa que soamente se presentou unha candidatura do ámbito de Artes e Humanidades.

A candidatura presentada é a de Inmaculada C. Báez Montero, que queda proclamada como membro da comisión.

9. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: sector estudantes, 2 vacantes.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

10. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: sector estudantes, 5 vacantes.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

11. Quenda de intervencións.

Joaquín Sueiro pregunta polo número de prazas no novo grao en automoción e se é posible que todas as titulacións teñan un número de 25 prazas. O reitor fala dos elementos diferenciais da titulación: o feito de ser dual e que teña un tronco común con titulacións xa existentes. En conversacións coa conselleira de Educación, comentouse a posibilidade de modificar a normativa (en concreto, o Decreto 222/2011). A resposta foi inicialmente positiva ante as peticións do reitor, pero a modificación do Decreto terá que agardar.

Rita Velasco pregunta polas promesas feitas ao persoal laboral PAS. O reitor pide desculpas polos malos cálculos iniciais do custo das medidas e volve a lembrar as negociacións coas forzas sindicais, que

comezarán en xaneiro, sobre a funcionarización. Remarca que hai universidades que están apostando por esta medida. Recoñece o incumprimento dos prazos e agarda que se poidan ir cumprindo as promesas.

Álvarez Moreira pregunta pola obrigatoriedade estatutaria sobre certos regulamentos de avaliación e achaca o mesmo aos incumprimentos por parte do profesorado sobre as guías docentes. Tamén pregunta polo regulamento disciplinario e a aplicación do regulamento de 1954. Pregunta pola obrigatoriedade da avaliación continua nos estudos de grao. Tamén pola asistencia a clase como dereito do alumnado ou obriga e polas notificacións ao alumnado no eido da administración electrónica. Tamén polo acceso a certos informes presentes antes na secretaría virtual, que agora xa non se atopan. O reitor comenta que non pode responder a todas as preguntas, pero que os representantes do estudantado están a traballar arreo. O presidente do Comité de Estudantes fai un pequeno resumo do acadado ata agora nas conversas coa vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, en particular, no relativo ao futuro regulamento de estudantes. O reitor comenta as dificultades de modificar a normativa disciplinaria, que é competencia do Estado. Pide que se remitan as preguntas feitas ao equipo de goberno (ANEXO II) e pensa que a avaliación continua é unha boa idea, que non exclúe outros xeitos de avaliar. O presidente do Comité de Estudantes fala da normativa recollida nos Estatutos sobre réxime disciplinario. Álvarez Moreira aclara mellor a súa postura sobre a avaliación continua.

Luis González queixase dos fallos na actualización normativa da web. Pide medidas contra o presidente do Consello Social. O reitor non é favorable. Luis González pide asemade a actualización da normativa relativa ao PDI e, en particular, ao laboral non recoñecido. O reitor tentará que o Consello Social referende un posicionamento en favor da universidade pública.

Santiago Domínguez ten unha dúbida sobre o borrador do regulamento de titorías que se vai aprobar e pregunta sobre a súa aplicabilidade e as datas concretas que quedarían excluídas. O reitor comprométese a facilitarlle os regulamentos de desenvolvemento.

Alfredo González insiste sobre o asunto das titorías e a súa futura regulación, para que se axuste correctamente. Pregunta por que foi convocado tan tarde o Claustro. Roga que se busquen consensos antes da aprobación dos documentos. Asemade, lembra o asunto relativo a un informe sobre a docencia dun profesor do seu centro, que causou frustración entre o alumnado. O reitor aclara que pensou que o Claustro sería máis corto inicialmente. Bota de menos unha comisión permanente que poida facer un traballo de circulación de información. En canto a temas de sancións, lembra o principio de presunción de inocencia e a carga da proba. As sancións deben estar ben fundadas xuridicamente, dadas as lagoas que presenta o réxime sancionador.

Martín Llamas, prega que se dote unha praza con competencias en inglés na EIDO. O reitor pensa que é unha boa idea e que se estudará.

Burghard Baltrusch pide que as tres universidades galegas soliciten unha moratoria para a aplicación do Decreto 222/2011, que esixe certo número de alumnos aos graos, á vista da súa posible reforma. O reitor lembra que nas outras universidades do SUG tiveron que pechar graos, polo que non sabe cal vai ser a súa resposta. Fala tamén dun novo título no eido da filoloxía que se está a negociar. Recolle a idea da moratoria que falará cos outros reitores das universidades do SUG.

Finalmente, Miguel Ángel Vázquez Vázquez fala da posibilidade do desenvolvemento dos estudos e a investigación sobre xeriatría na Universidade de Vigo. O reitor lembra o acordo acadado pola Deputación de Ourense en asuntos de envellecemento e despoboamento do rural. Móstrase disposto a estudar propostas neste sentido.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:55 h do día 17 de decembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Intervención sobre o informe anual

Antes de nada compre felicitar o paso de culturxest a Campus Activo e a creación dos cursos gratuítos de eDestrezas, esta última é unha iniciativa moi boa que esperamos que continúe e creza. De cara ao futuro sería interesante a realización dun estudo por facultade para analizar cales son os métodos máis efectivos de divulgación en cada área e así mellorar o acceso a esta, a implementación do sistema de listas de correo é arcaica e claramente inefectiva, ademais de ter serios problemas de seguranza que rozan o incumprimento da Lei de Protección de Datos e as múltiples aplicacións móbiles son mellorables.

Tamén é debido felicitar a notable mellora nos horarios das bibliotecas no Nadal inda que estas parece que non chegan a fora de Vigo, xa que non só non se toman medidas polos altos niveles de radon medidos na biblioteca Rosalía de Castro en Ourense, si non que a demanda dunha mellora de horarios das estudantes non se ten en conta e tememos que a solución ao radon pase por empeorar inda máis a oferta de horarios.

- Cal vai ser a solución aos niveles de radon? Xa hai unha alternativa pensada para cubrir a demanda de bibliotecas?

No que levamos de curso queda cada vez máis en evidencia unha clara incompetencia na administración das concesións, comezando pola mala xestión do servizo temporal de copistería e continuando por unha renovación dos servizos de cafeterías e comedores que deixan novas como que agora ten que ser a propia Escola de Telecomunicacións a que estude si costear a renovación do mobiliario na cafetería por ter a nova subcontrata que facer fronte a gastos non cubertos pola anterior.

- Existe xa algún plan para a aplicación dunha solución definitiva á falta de servizos de copistería? Hai un tempo estimado para volver a ter un servizo completo?
- Quen é responsable dos incumprimentos nas condicións das subcontratas, a universidade ou as empresas? De ser a universidade, por que non se depuran responsabilidades? De ser as empresas, por que non se sancionan?
- Sería viable que nos novos servizos de comedor a universidade poña como condición a oferta de alternativas vexetais e para persoas alérxicas? Sorprende ás veces que a única opción vexetal que se ofrezca sexa unha ensalada e para a xente con alerxias, que non ten alternativa algunha, directamente nada.
- Pensa a universidade facer algo fronte a constante suba de prezos tanto nas cafeterías e comedores das facultades como nas da Área Comercial cando a relación calidade prezo é cada vez peor?

Algo que sorprende a toda a comunidade este ano foi a creación dunha mascota, que si non recordo mal nin se mencionou neste claustro previa aprobación, para o seu uso publicitario e para publicacións en redes sociais.

- Cantos cartos se inverteron en total na creación e divulgación de Oli? Os resultados xustifican este gasto?

Tamén estamos a ver como ultimamente nas contas de redes sociais da universidade, co gallo de poñer un servizo de máquinas expendedoras de café nunha das nosas facultades, como pode habelos de augas ou de bebidas carbonatadas dende hai décadas, se ten anunciado unha marca privada en múltiples ocasións.

- En base a que se xustifica que as canles oficiais de comunicación dunha universidade pública se empreguen para publicitar a empresas privadas que pouco teñen que ver coa mesma?

Unha cuestión que xa se comentou numerosas veces coa reitoría é a das pintadas carlistas polo cuvi. Incluso se chegou a indicar a localización delas persoalmente ao señor reitor. De tres, unha segue intacta, e outra borrouse a medias. Parece ser que é necesario facer campañas electorais para que alguén colla unha esponxa e se poña a borrar graffitis como en Madrid.

Estas pintadas non son o único que decora as nosas marquesiñas: numerosos cartaces desfasados ou restos do que algún día foron cartaces, pintadas e sucidade acompañan a unhas marquesiñas polas que se filtra auga constantemente polos catro lados con un pouco de vento que faga. Se inda polo menos os servizos de transporte foran como é debido o problema sería menor, si cabe, pero as malas marquesiñas veñen acompañadas duns buses que, entre o aumento de uso das liñas 8 e 15 pola meteoroloxía e os atrasos producidos polo espectáculo de luces que temos montado no centro da cidade, acumulan atrasos de ata 20 minutos de forma cada vez máis habitual e superan ás veces o aforo ata o que, a ollo, diría que dobra o máximo que soportan algúns dos buses.

- Costa tanto borrar tres pintadas?
- Existe a posibilidade de renovar as marquesiñas da universidade?
- En próximos anos vaise esixir que no Nadal se respecten os servizos de transporte á universidade?
- O día que un bus da liña 8 ou 15 envorque superando con creces o límite de velocidade e morramos máis de 100 persoas a quen lle ides votar a culpa, á condutora?

Da mesma forma que entra auga nas marquesiñas entra tamén nas diferentes instalacións. Sorprenderíame algún día atopar un so edificio nesta universidade sen un cubo ou cartón para parar as goteiras; calquera que se fixe un pouco terá visto as estalactitas na área comercial pendurar do teito.

Podería dicirse que é cuestión de presuposto si non fora polo gasto en ladrillo que se está a facer en puntos espallados por toda a cidade, como pode ser o Berbés, que foi un éxito rotundo de obra, quedando a fachada a medio facer, [por moito que se dera por rematada no DUVI xa a mediados do verán](#), nunha reforma que prometía aforrar toneladas de CO2. Máis emisións aforraría gastar os cartos nunha renovación das instalacións eléctricas, calefacción e illamentos e a realización dunha auditoría enerxética, porque iso, pese a non dar tantos titulares e ser tan fotoxénico daría un servizo decente aos membros desta comunidade universitaria e suporía un aforro tanto de CO2 como de cartos real ao longo prazo.

- Pénsase facer algo para solucionar as incontables goteiras que hai no campus?
- En que se basea semellante gasto en obras por toda a cidade? Como se pode entender que unha construtora deixe a medio facer unha fachada? Que uso vai ter o edificio do Berbés?
- Existe algunha partida para renovar as instalacións eléctricas nas facultades? Levo anos escoitando da súa existencia pero parece que a inversión se perde toda polo camiño.
- Estudouse ou pensa estudarse a creación dun plan de aforro enerxético no campus? De habelo xa que medidas se están aplicando del?

Falando de electricidade. Soados son os casos de caídas de corrente, as veces planeados con anterioridade e non notificados, outras veces directamente imprevisibles; e os efectos directos que ten na investigación como xa se ten comentado en claustros anteriores.

- Están cuantificadas as perdas en material e mostras por culpa de estes cortes? De non estalo, sobran os cartos nesta universidade como para ignoralo?

Outra cuestión recorrente nos claustros é a dos caixeiros aquí no cuvi. Despois de meses solicitando que se puxeran caixeiros compatibles coa tarxeta do bus nova púxose un só, aquí arriba.

- Vaise cumprir a promesa de ter varios caixeiros antes das seguintes eleccións á reitoría?

O problema dos caixeiros non é só de comodidade. Nesta universidade a preocupación polas persoas con mobilidade reducida limitase a plans de axuda, sen solucionar as barreiras arquitectónicas que son o problema de raíz. Pensemos, por exemplo, nunha persoa que quixera asistir a este claustro, recargar a tarxeta de bus, comer coas súas compañeiras na área comercial, asistir a algún dos cursos que se realizan polas distintas facultades... Imaxinemos que esta persoa estuda en telecomunicacións, que está a escasos 300m deste paraninfo. Como se supón que ten que facer? depender de que se lle vaia buscar en furgoneta para calquera cousa?

Entendo que o gasto para solucionar ditos obstáculos (como pode ser alisar todo o solo do entorno da área comercial) é demasiado grande, pero gustaríame que constase a miña admiración pola persoa que deseñou un chan cuxa única función é dificultar a mobilidade, danar os vehículos e acumular lixo, que cada vez que chove nada nas pozas que se fan; entre outras decisións arquitectónicas que antepuxeron a estética á funcionalidade.

- Existe algún plan de reformas para, co tempo, ir reducindo a cantidade de barreiras arquitectónicas que temos na universidade?

Por último algo que nos preocupa moito é o lonxe que se estivo este ano de acadar os compromisos de transparencia e democracia nesta universidade, con comisións feitas a dedo, a necesidade de insistir de forma reiterada para obter segundo que resposta, o incumprimento de acordos, a presentación de documentos a correr, como pode ser o caso do regulamento de Inspección que se quere intentar aprobar hoxe, o intento de creación a correr dunha facultade como a de deseño (cunha documentación chea de carencias e unha actitude da reitoría que deixou que desexar) ou mesmo facer caso omiso a asesoría xurídica para o que convén.

Espero que nos dous anos que quedan por diante as cuestións se traballen de forma transparente, cos tempos correspondentes e se traten de solventar ó máximo posible todo o mencionado e non reducir o problema a tomar nota e deixar pasar o tempo a ver si nos esquecemos.

José Ángel Álvarez Moreira,
Representante de Estudiantes en Claustro Universitario

Con respecto al Punto 11 '*Quenda de Intervencións*' de la Orden del Día de la sesión Ordinaria del Claustro del día 17-12-19, Ruego conste en acta el presente escrito, así como las respuestas al mismo, si las hubiere:

Le indico antes de nada que las cuestiones de siempre las realizaré de manera diferente y, puede, que algo políticamente incorrecta

En primer lugar ¿Para cuándo cree usted que se va a cumplir con la obligatoriedad estatutaria de tener un reglamento de evaluación denominado según el actual art.74 como '*reglamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado*', y que ya es obligatorio en esta Universidad de Vigo desde 2003 (según los art.101 tanto del d 421/03 como del d 7/10)?

Esta obligatoriedad ¿no se estará retrasando por la poca disposición de algunos a tener que modificar sus métodos de evaluación porque no cumplen, presuntamente, con lo establecido en la desperdigada Informativa vigente que lleva a incongruencias tales como:

- ser necesario más de un 5 sobre 10 para superar una materia (incumplimiento de los RD^s 1125/03 y 1044/03)
- métodos de evaluación que no evalúan (como indiqué anteriormente, en algunas guías se indica que el método de evaluación es continuo, pero sin el examen final único obligatorio establecido el alumno no supera la materia, ya que este examen final que es una parte de la evaluación continua tiene valores superiores al 60% de la calificación final)
- sistemas de evaluación continua que incumplen lo establecido en algunas memorias de solicitud de título (como la inexistencia en las guías de la autoevaluación del alumno que conlleva el incumplimiento de los artículos 7.1.h. y 25.1 del RD 1791/10)
- métodos de evaluación continua en grado que no son más que la mera traslación de los apartados que, en los planes antiguos – licenciaturas, ingenierías,...- se denominaban comúnmente como 'pruebas o trabajos válidos para nota final', ?

2 ¿Para cuándo cree usted que podría cumplirse en esta Universidad con la obligatoriedad estatutaria de tener un reglamento disciplinario denominado según el art.56 de los actuales Estatutos, como '*reglamento de disciplina académica e universitaria*' y que ya es obligatorio, pero inexistente, en esta Universidad de Vigo desde 1993 (según art.197 de resol 16-9-93, art.124 del d 421/03 y art.127 del d 7/10)?

Podría reseñar que por ejemplo si consideramos que copiar es falta grave se daría la siguiente paradoja:

si el reglamento disciplinario de 1954 siguiera en vigor para toda la universidad, el copiar o plagiar (como falta grave) se sancionaría con, como máximo, la expulsión de la universidad (es decir la separación definitiva del servicio para trabajadores/profesores y la inhabilitación temporal o perpetua para cursar estudios en toda la Universidad para estudiantes),

pero como referido decreto del 54 fue derogado sólo para trabajadores, a un estudiante por copiar en un parcial se le puede aplicar la inhabilitación, pero a un PDI la copia o plagio en un artículo enviado a publicación internacional, se sancionaría con, como máximo, la suspensión de funciones entre 15 días y tres años (art.189 de la lei 2/15)

¿Le parece normal y/o justo que una norma de 1954, con muchos de sus artículos presuntamente anticonstitucionales, ofrezca un cumplimiento más efectivo del artículo 14 de la Constitución Española que dice que 'Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social' que la actual aplicación de la normativa ante una misma falta grave que tiene diferentes correctivos según afecte a un estudiante o a un PDI?

3 ¿No le parece curioso que estos 2 reglamentos, que aparecen reiteradamente en acta, sesión tras sesión desde hace años, como incumplimiento de estatutos, que a fecha de hoy sigan sin existir, ni se le espere en un futuro próximo, como es preceptivo desde al menos 2003, mientras que un reglamento que parece por primera vez en Estatutos en 2019 ya se haya elaborado y presentado en Claustro, aunque retirado para enmiendas?

4º Ya que en la sesión de Claustro del 10-7-19 me contestó, según entendí, que no podía informarme en que párrafo del BOE se indicaba que la Evaluación Continua fuese obligatoria para Grado. Se lo voy a preguntar de otra forma:

Teniendo en cuenta que en la siguiente legislación no aparece la expresión evaluación continua en ningún párrafo:

RD 1125/03 que Establece el Sistema Europeo de Créditos y el Sistema de Calificaciones en las Titulaciones Universitarias de Carácter Oficial y Validez en todo el Territorio Nacional,

RD 1044/03, que Establece el Procedimiento para la Expedición por las Universidades del Suplemento Europeo al Título

RD 1393/07 que Establece la Ordenación de las Enseñanzas Universitarias Oficiales

Resolución de 11 de mayo 2017 que Publica el Acuerdo del Consejo de Universidades, por el que se Ordenan las Enseñanzas Universitarias Oficiales de Grado

Ley Orgánica 6/01 de Universidades (LOU)

Lei 6/13, Lei de Universidades de Galicia

Y teniendo en cuenta que en el RD 1791/10 que publica el Estatuto del Estudiante Universitario aparece la expresión 'evaluación continua' en los 2 siguientes artículos:

7.1.h Los estudiantes Universitarios tienen derecho a: A una evaluación objetiva y siempre que sea posible continua, basada en una metodología activa de docencia y aprendizaje.

25.1 La evaluación del rendimiento académico de los estudiantes responderá a criterios públicos y objetivos y tenderá hacia la evaluación continua, entendida como herramienta de corresponsabilidad educativa y como un elemento del proceso de enseñanza-aprendizaje que informa al estudiante sobre su proceso de aprendizaje

¿podría indicarme usted o el Sr.Secretario General, como personas, al igual que el resto de funcionarios docentes del Grupo A, plenamente concedores de la Legislación Universitaria, si la expresión 'Evaluación Continua' puede aparecer como obligatoria para Grado, en alguna otra normativa publicada dentro del Boletín Oficial del Estado?

En todo caso, le vuelvo a preguntar, a parte de ser fundamental, básica, o similares, ¿es **obligatoria** la evaluación continua para grado?

5º Y por último, dos preguntas nuevas, que aún no he realizado nunca:

a- Teniendo en cuenta la presunta costumbre de convertir derechos de los alumnos en obligaciones que parece existir en esta Universidad como por ejemplo la asistencia a clase del alumno que, según la legislación vigente y la respuesta del Sr.Rector en sesión de Claustro 18-7-18, es un derecho, pero parece que se está reglamentando/normativizando para que dicho derecho se convierta en obligación. Lo que cuestiono es lo siguiente:

Según el artículo 41.3 de la ley 39/15 (Procedimiento Administrativo), en los procedimientos iniciados a solicitud del interesado la notificación se practicará por el medio señalado al efecto por el propio interesado. Pero en los modelos de solicitudes que aparecen en la convocatoria de matrícula (regulada por el RD 412/14) del presente curso se señalaba que *Se na data na que se produza a notificación da resolución está operativa a sede electrónica da UVigo (...) dita notificación efectuarase no taboleiro electrónico oficial da mesma...*

Por tanto la pregunta es:

¿Se va a cambiar/anular referida frase en los modelos de solicitud y los alumnos podrán ejercer su derecho a decidir como recibir sus notificaciones desde esta Universidad tanto en éste como en futuros casos?

b- Sobre los Informes del SID (Sistema de Información a Dirección) a los que se puede acceder desde Secretaria Virtual

Me podría indicar el motivo por el cual en los Informes 15 (Resultados de convocatorias de asignaturas) del apartado Matrícula, hasta el curso 16-17 aparecían las calificaciones de cada materia para 1º cuatrimestre, 2º cuatrimestre, Fin de Carrera, Reconocimiento y Global, pero en referidos informes 15 a partir del año 2018 (curso 17-18 y 18-19) ya no aparecen las calificaciones de Fin de Carrera pero si de los dos cuatrimestres, reconocimiento y global

¿Esta desaparición de los resultados de la convocatoria Fin de Carrera en los Informes del SID es el paso previo para la anulación de referida convocatoria para cursos futuros?

Fdo,



J. Angel Alvarez Moreira